

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº RSCTG 156/2022/2022

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 26 de agosto de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 26 de agosto de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Concellería de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 22 de xullo de 2022, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso ás resolucións sobre permutas de prazas/postos de traballo entre funcionarios de carreira dese concello con funcionarios de carreira da mesma Administración Pública ou de entidades públicas instrumentais dependentes desta, ditadas dende o ano 2010, tanto concedidas como denegadas.

O reclamante indicaba que se lle denegou a información e que recentemente solicitou a mesma información dos Concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Lugo e Ourense, así como ás Deputacións Provinciais galegas, recibindo en todos os casos a información solicitada en tempo e forma.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 13 de setembro de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 21 de setembro de 2022 o Concello de Vigo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que con data do 23 de xuño de 2022 por parte da área de RRHH e Formación emitíuse informe no que se indica que a información solicitada non responde ao ámbito obxectivo e finalidade da Lei 19/2013, e de conformidade coa Guía de Procedemento de acceso á Información Pública local, editada pola Federación de Municipios e Provincias, as solicitudes de información que se formulan acerca de trámites puramente administrativos non todas son información pública, polo que haberá de atenderse á natureza da solicitude e obxecto para determinar se a mesma se debe tramitar conforme ao previsto na dita Lei ou non. Considera o informe que en ningún caso responden o concepto de información pública para os efectos do dereito recoñecido pola Lei 19/2013 as solicitudes de información acerca de como levar a cabo un determinado trámite administrativo, nin as consultas sobre o funcionamento habitual da Administración, nin as relativas á determinación da normativa que resulta aplicable nun determinado expediente ou actividade administrativa, nin as que esixen motivacións adicionais sobre actos ditados nin a formulación de queixas ou suxerencias. Considera por tanto que a información solicitada non responde ao ámbito obxectivo de aplicación da Lei de Transparencia, toda vez que responde solapadamente a unha reiterada solicitude de determinación da normativa aplicable ao procedemento de permuta referido, así como a unha exixencia de motivación acorde co interese privado do solicitante, que deberá acudir aos recursos en vía administrativa ou contenciosa legalmente procedentes.

De forma subsidiaria considera que ten carácter abusivo, dada a carga de traballo da Área, tendo en conta que se solicitan as Resolucións de permuta desde o ano 2010, sendo necesaria a anonimización de todas as resolucións, debendo destinar efectivos á devandita tarefa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 27 de xullo de 2022 e a reclamación a presentou o interesado o 26 de agosto de 2022, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou ao Concello, acceso ás *resolucións sobre permutas de prazas/postos de traballo entre* funcionarios de carreira do concello de Vigo con funcionarios de carreira da mesma ou outras doutras Administracións Públicas dende o ano 2010, sen incluír as referentes á Policía Local.

Non cabe dúbida que unha resolución ditada por unha Administración Local, sexa en materia de persoal ou en calquera outra materia administrativa, entra dentro do concepto de información pública, ao tratarse dun documento elaborado por unha Administración sometida á normativa de Transparencia no exercicio das súas funcións. Sentado o anterior, a información pública que é solicitada por calquera persoa, unicamente pode limitarse o seu acceso se concorre e se acredita suficientemente, un límite dos establecidos nos artigos 14 e 15, ou unha causa de inadmisión do artigo 18 da Lei 19/2013.

O Concello inadmite a solicitude por considerar que ten por obxecto información acerca de como levar a cabo un determinado trámite administrativo, consultar sobre o funcionamento habitual da Administración, determinar a normativa que resulta aplicable nun determinado expediente ou actividade administrativa, esixir motivacións adicionais sobre actos ditados ou a formulación dunha queixa ou suxerencia. Non se pode compartir esta información, xa que nin do tenor literal da solicitude, nin de calquera interpretación que se poida facer da mesma, pódese deducir que se estea facendo unha consulta de tipo algún, esixindo motivación a unha resolución ditada ou presentando unha queixa ou suxerencia, senón un simple acceso a unha resolución administrativa.

Non se pode admitir tampouco que a solicitude responde *solapadamente á unha reiterada solicitude de determinación da normativa aplicable ao procedemento de permuta...nin a unha exixencia de motivación acorde co interese privado do solicitante*. O artigo 17.3 da Lei 19/2013, establece que a motivación dunha solicitude de acceso á información non é obrigatoria, e por si soa non pode ser causa de rexeitamento da solicitude, pero de existir, pode ser tida en conta cando se dite a resolución, especialmente para valorar a concorrencia dun interese privado ou público superior que xustifique o acceso. No presente caso, o solicitante motiva a súa solicitude en dilucidar a normativa aplicable, así como a política levada a cabo pola Área de RRHH e Formación do concello de Vigo en relación coas solicitudes de permutas, é dicir, pretende coñecer como se toma unha decisión pública por parte do Concello, que é un dos obxectivos da normativa de Transparencia, sen nin no informe remitido nin na resolución impugnada se motive a existencia dun interese público, que deba ser superior ao interese privado (e lexítimo) do solicitante, expresado na súa motivación.

De forma subsidiaria inadmitiuse a solicitude por considerala abusiva, dada a carga de traballo da Área, que se solicitan Resolucións dende o ano 2010 e que é necesaria a anonimización de todas as resolucións, debendo destinar efectivos á devandita tarefa.

A interpretación ofrecida polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no seu Criterio Interpretativo 3/2016 sobre esta causa asocia o carácter abusivo da solicitude co feito de que non estea xustificada coa finalidade da Lei. Existen así, ao seu xuízo, dous elementos esenciais para a aplicación desta causa de inadmisión, cando o exercicio do dereito sexa abusivo cualitativamente, non en sentido cuantitativo, e que o exercicio do dereito poida considerarse excesivo, é dicir, cando non chegue a conxugarse coa finalidade da Lei. Desta forma, o Consello estima que unha solicitude pode entenderse abusiva cando poida considerarse incluída no concepto de abuso de dereito recollido no artigo 7.2 do Código Civil (acto ou omisión que pola intención do seu autor, polo seu obxecto ou polas circunstancias en que se realice exceder manifestamente os límites normais do exercicio dun dereito), cando de ser atendida, requira un tratamento que obrigase a paralizar o resto da xestión dos suxeitos obrigados a proporcionar a información, impedindo a atención xusta e equitativa do

seu traballo e o servizo público que teñen encomendado, e así resulte de acordo cunha ponderación razoada e baseada en indicadores obxectivos; cando supoña un risco para os dereitos de terceiros ou cando é contraria ás normas, os costumes ou a boa fe. Unha solicitude, conclúe o Consello, considérase xustificada coa finalidade da Lei cando se fundamenta no interese lexítimo de someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións públicas, coñecer como se manexan os fondos públicos, coñecer baixo que criterios actúan as institucións públicas. Consecuentemente, non estará xustificada cando non poida ser reconducida a ningunha destas finalidades e así resulte de acordo cunha ponderación razoada e baseada en indicadores obxectivos, teña por finalidade patente e manifesta obter información que careza da consideración de información pública de acordo coa definición que ofrece a propia Lei, ou cando teña como obxecto ou posible consecuencia a comisión dun ilícito civil ou penal ou unha falta administrativa.

Débese presumir, xa que nada se manifesta en contra no expediente administrativo, que a unidade administrativa traballa cunha aplicación informática que permite a busca de forma mais ou menos sinxela, de resolucións de permutas de funcionarios, polo que non se pode aceptar a consideración de abusiva polo feito de que se solicite dende o ano 2010, ao non xustificarse de modo algún que a solicitude, en caso de ser atendida, requira un tratamento que obrigase a paralizar o resto da xestión dos suxeitos obrigados a proporcionar a información.

Respecto da anonimización, debe diferenciarse da anonimización da información que, por conter datos de carácter persoal, debe ser anonimizada ou dissociada antes de ser proporcionada ao interesado (artigo 15 da Lei 19/2013) e que, a pesar de supoñer, implicitamente, un proceso específico de traballo para proporcionar a información, non poden entenderse como reelaboración.

De acordo co anterior, ao non considerarse xustificada a causa de inadmisión citada no informe da Subdirección Xeral, procede a estimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 26 de xullo de 2022, contra a Resolución da Concellería de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 22 de xullo de 2022, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso ás resolucións sobre permutas de prazas/postos de traballo entre funcionarios de carreira dese concello con funcionarios

de carreira da mesma Administración Pública ou de entidades públicas instrumentais dependentes desta, ditadas dende o ano 2010, tanto concedidas como denegadas.

Segundo: Instar ao Concello de Vigo a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Vigo a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.